



Federación Galega de Atletismo

Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.

Correo: comitegalegoxuices@gmail.com

Páxina Web: <http://www.fgatetismo.es/cgx/>

<http://www.atletismogalego.com>



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

ACTA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA (21/12/2013)

Data: 21/12/2013

Hora de comezo: 11:10

Hora de remate: 20:00

Lugar: Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra)

Asistentes:

Eloy Bretal Cancelas	Presidente do CGX
Ángel López-Montesinos	Vicepresidente do CGX
Guillermo Sandino Leira	Secretario do CGX
Antonio Domínguez Álvarez	Vocal Delegación de Pontevedra
Manuel Garrido Toro	Vocal Delegación de Ourense
Begoña Rodríguez Quintía	Vocal Delegación de Ferrol
Miguel Martínez Larrea	Vocal Delegación de Vigo
Montserrat Barrio	Vocal Delegación de O Barco
Mari Luz Raposo Barreira	Vocal Delegación de Santiago *
Dolores Rojas Suárez	Asesora de Marcha
Jorge Blanco Chao	Asesor de Circuitos
Angel Fidalgo Vázquez	Asesor de Foto finish

Ausentes:

Pablo Gandoy	Vocal Delegación de Lugo
Rocío López Schmidt	Vocal Delegación de A Coruña**

*En representación de Rogelio Santos Laíño

**Delega a súa representación en Dolores Rojas Suárez



Federación Galega de Atletismo

Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.

Correo: comitegalegoxuices@gmail.com

Páxina Web: <http://www.fgatetismo.es/cgx/>

<http://www.atletismogalego.com>



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

Acta da reunión

O Presidente saúda aos presentes e agradece a súa asistencia a esta reunión e explica os motivos da ausencia dos non presentes. Saúda aos novos membros da Xunta Directiva: Miguel Martínez Larrea como Delegado en Vigo e Angel Fidalgo Vázquez como Asesor de foto finish trala non renovación da licenza de Nacho Rego Tesouro. Así mesmo comenta a ausencia de Pablo Gandoy por probas na súa delegación e de Rocío López, que delegou en Dolores Rojas os temas da Delegación de A Coruña.

O presidente comeza destacando os bos resultados dos xuíces galegos nos exames de ascenso convocados esta tempada (Nivel 1, Xuíz Nacional e Xuíz Árbitro). Destacando o número 1 acadado por un xuíz galego (Rogelio Santos). Tal como acordou a directiva do CGX será reembolsado o importe do exame con cargo ao presuposto de este Comité a tódolos xuíces nacionais e árbitros que aprobaron nesta convocatoria.

Comenta tamén a labor de comunicación exercida por este Comité a través da páxina web oficial e da páxina en Facebook que está en permanente actualización e con gran éxito na rede social. Ademais coméntase que no grupo de xuíces de Facebook só se están aceptando solicitudes de formar parte del por parte de xuíces galegos. Pregunta aos presentes se queren manter este criterio ou cambialo. Se acepta seguir con este criterio de un grupo só para xuíces galegos.

O seguinte tema tratado polo presidente é a subida por parte da Comisión Delegada da RFEA das cuotas de licenzas. En especial da de Nivel I por incumprir un acordo da Asamblea de establecer esta en 40€. Coméntase que este Comité realizou diferentes cartas de protesta á RFEA pero non ten potestade para actuar como CGX ante a RFEA para efectuar outras accións. Ábrese debate sobre o tema. A representante de Galicia na Asamblea da RFEA e membro da Xunta Directiva do CNJ Dolores Rojas comenta que pediu explicación sobre o tema e que se intentará levar á Asamblea Xeral da RFEA. Coméntase a posibilidade de facer un escrito de protesta para que os xuíces que queiran poidan firmalo a nivel individual. Ademais Dolores aconsella enviar este escrito a todos os comités territoriais.

Outro tema importante que comenta o presidente son os acordos aprobados na Asamblea Xeral da FGA referente a xuíces. Son os seguintes:

- O CGX será o responsable do nomeamento de xuíces árbitros en todas as probas celebradas en Galicia nas que esta facultade non sexa competencia da RFEA. Explícase que por regra xeral esta facultade delegarase nos delegados de xuíces. Pídese aos delegados que informen dos nomeamentos de xuíces árbitros locais con anterioridade á celebración das probas e acórdase que a non resposta por parte do CGX significará que se está conforme con ese nomeamento.

En relación con este punto sae o tema da problemática de xuíces que non confirman e acoden ás probas. Tras un debate acórdase tratar de evitalo non permitindo que isto se repita de forma sistemática. Ademais recoméndase encarecidamente o uso do correo electrónico para a convocatoria en confirmación de xuíces ás probas e poñer unha data límite para esta confirmación para ter marxe pedir xuíces ao CGX con máis antelación xa que esta tempada repetiuse moitas veces o problema de que os delegados informan tarde das necesidades de xuíces, dificultando conseguir reforzos.

- O Presidente do CGX poderá nomear delegados de xuíces unilateralmente se non hai acordo co Delegado Federativo correspondente. Destácase o uso de esta facultade para o nomeamento do Delegado de xuíces en Vigo.



Federación Galega de Atletismo

Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.

Correo: comitegalegoxuices@gmail.com

Páxina Web: <http://www.fgatetismo.es/cgx/>

<http://www.atletismogalego.com>



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

- Nas normas xerais para a tempada 2013/2014 aparecerá que o CGX poderá revisar os resultados das probas por erros de redacción ou de actuación dos xuíces árbitros.

A continuación trátase de unificar criterios para a actuación en probas de ruta. O presidente destaca que é a ruta a que máis problemas trouxo a este CGX durante a presente tempada.

- O problema máis recente é a reclamación por parte do organizador da carreira “Volta a Ría” da delegación de Ferrol. O organizador reclamaba a recalificación dos atletas descalificados. Este comité non aceptou a recalificación xa que non había base para elo. Begoña, como xuíz árbitro desa proba, comenta que lle gustaría unificar os criterios para a actuación en probas en ruta.
- Recórdase o acordo de xuíces árbitros do CNJ polo que non se descalificará nunca por levar auriculares en probas de ruta. Recórdase a aplicación deste acordo en todas as probas en Galicia.
- Acórdase que os atletas que cheguen a meta sen o dorsal, serán, nun principio, quitados da clasificación final atendendo a posteriores reclamacións / explicacións por parte do atleta para decidir se a descalificación faise definitiva. Acórdase instar ao locutor a informar da obrigatoriedade de levar o dorsal antes do comezo da proba.
- Referente ao lugar correcto onde levar o dorsal acórdase que será válido levalo en calquera parte do corpo de forma que sexa visible frontalmente. Non se descalificará por levar portadorsais, por levalo nas pernas, na barriga, etc.
- Non se pode descalificar por non levar a uniformidade do club xa que hai un acordo de xuíces árbitros que prohibe este tipo de descalificacións unha vez que o atleta comezou a competir. Destácase ademais que é imposible ser ecuánime xa que non se coñece o club de tódolos atletas.
- Infórmase da nova figura do xuíz xefe de cronometraxe por transpondedor. Recórdase a obriga de nomealo en todas as probas do calendario galego. Infórmase de que xa se nomeou na Coruña e nas probas de este fin de semana. Acórdase utilizar o modelo de informe feito por Javier Guijarro mentres o CNJ non aporte o oficial. Coméntase o que terán que ter en conta os xuíces nomeados para este posto:
 - Informar ás empresas de chips que teñen obriga de cooperar e facer caso ao xuíz xefe, para iso este CGX fará chegar copia do contrato firmado por estas empresas por se teñen que recorrer a mostral.
 - Controlar o número de alfombras e a conexión ao servidor na saída e na meta.
 - Apuntar como se pon en marcha o sistema e quen o pon
 - Sentarse ao lado do operador en todo momento para cotexar os resultados e asegurarse de que as DQs non saian no resultado final.
 - Comprobar que a línea de meta corresponde co lugar onde o chip “pita”.
 - Entrar na web para comprobar que as DQs seguen sen saír con tempo asignado.
- En carreiras de “pitufos”, “olímpicos” (inferiores a benxamín) acórdase que os xuíces non estarán nunca na chegada. Soamente axudarán a dar a saída pero desaparecerán da chegada para non ter problemas con organizadores e pais. Este feito será comunicado ao organizador



Federación Galega de Atletismo

Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.

Correo: comitegalegoxuices@gmail.com

Páxina Web: <http://www.fgatetismo.es/cgx/>

<http://www.atletismogalego.com>



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

para que sexan os seus voluntarios os que se encarguen de controlar a chegada de estas probas. O motivo de isto é que non son categorías oficiais.

A continuación tócase o tema das probas de pista:

- Coméntase que a FGA non se mete co número de xuíces, da plena potestade aos delegados para que digan os xuíces necesarios para unha proba. O presidente recorda que si algún organizador limita o número de xuíces se informe ao CGX para que tome medidas. Recórdase aos delegados que non fagan probas con poucos xuíces xa que crea precedente para probas posteriores e se acostuma aos organizadores a facelas en precario.

A continuación trátase o seguinte punto da orde do día: Xurado e Informes de Xuíz árbitro. O presidente destaca que este CGX nomeou a todos os xuíces nacionais e xuíces árbitro de Galicia e salvo renuncias todos teñen polo menos unha actuación.

Ángel López-Montesinos informa de que os informes de xuíz árbitro de campionatos galegos recíbense con regularidade, salvo casos excepcionais. Os informes de probas locais recíbense tamén salvo no caso de Pontevedra e Lugo que non se recibiu un só informe en toda a tempada. Tampouco de estas delegacións recibíuse xurado algún. O vicepresidente expresa a preocupación por este tema.

A continuación Jorge Blanco (como colaborador para a recepción dos informes de JA) fai un resumo dos problemas máis destacados polos xuíces árbitros nas probas galegas:

- Retrasos e fallos pola Foto Finish. Recórdase a obriga de facer o control cero 30 minutos antes do comezo da competición.
- Material de competición defectuoso.
- Xaulas defectuosas.
- Horarios imposibles de cumprir.
- Regulamentos con interpretacións confusas.
- Ausencias de horarios de cámara de chamadas e de homologación de artefactos.
- Secretarías pouco áxiles.
- Pouca presenza de persoal de campo.
- Chegadas de cross sen ter o embudo feito por parte da organización.
- Escaseo de xuíces.
- Follas de resultados sen mostrar as tarxetas amarelas disciplinarias do JA.
- Non se envía o informe de homologación das probas de ruta ao JA.
- Ausencia de adxunto para seguir a mulleres.
- Ausencia de xuíces en circuito.
- Ausencia de vehículo para seguir a mulleres (acórdase recordar á FGA da obrigatoriedade disto para organizar unha proba en ruta).

Jorge comenta que hai moitos informes (sobre todo os feitos por xuíces territoriais) moi incompletos. Ademais aconsella (coa aprobación de todos os presentes) o uso do informe completo para todas as probas de ruta (e non o informe local).

O seguinte punto do día é un resumo dos erros máis frecuentes nas follas de resultados. Distribúese unha folla co resumo destes erros e Ángel destaca que moitos son erros de secretaría ao pasar os resultados. Destacar tamén un erro bastante frecuente que é que o 8º dun concurso abandone o mesmo



Federación Galega de Atletismo

Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.

Correo: comitegalegoxuices@gmail.com

Páxina Web: <http://www.fgatiempo.es/cgx/>

<http://www.atletismogalego.com>



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

tras o 3º intento e se pase á mellora ao 9 algo que é incorrecto.

A continuación Dolores Rojas, como responsable de marcha resume o estado actual do panel B de marcha en Galicia. Destaca que cando se fixo o exame había 28 xuíces e nesta tempada hai 16 xuíces dispoñibles. Coméntase a posibilidade de pedir ao CNJ exame de ascenso a panel B. Acórdase que os delegados pregunten por interesados e segundo o número de interesados estudarase o tema. Recórdase que non se farán cursos de panel autonómico xa que non ten utilidade práctica debido á obrigatoriedade de xuíces do panel B nas probas que van a ránking nacional. Dolores destaca o grado de cumprimento desta obrigatoriedade por parte de Galicia na gran maioría das probas.

Continua co seu informe o novo responsable de foto finish Angel Fidalgo, comeza destacando a súa preocupación pola perda do único membro do panel A de foto finish do CNJ o que fará que as novidades a nivel nacional de este tema non cheguen ao responsable de Galicia. Eloy comentará o tema con CNJ. Fai un repaso das necesidades das delegacións, comenta que Vigo e Ourense están cubertas. O Barco tamén por parte de Ourense e un novo operador que está formándose. Lugo está cuberto. Coruña está pendente como prioridade de formar a Alejandro Soriano en Alge e así contar con 3 operadores. Plátase probar na pista cuberta a poñer as dúas cámaras conxuntas para probar a Alge a ver se funciona correctamente. Santiago necesita un operador pero non ten cámara. En Ferrol e Pontevedra é necesario formar a xente xa que déronse de baixa moitos operadores. Urxe o tema de Ferrol pola baixa por maternidade da operadora actual (Mercedes).

Recórdase que a formación sexa por parte dos membros actuais do panel e pedir o OK ao responsable. Angel informa de que cambiará a circular co protocolo para actualizala ás necesidades actuais.

É o turno do responsable de Saídas, Manuel Garrido. Comenta que dos cursos de saídas tratados na reunión anterior están pendentes por temas de fechas Ferrol, Lugo e Ourense. Manolo comenta que encóntrase con xente que se apunta ao curso e logo non da saídas. Ademais da problemática de meter nun panel de saídas a xente só con un curso. É por iso que propón facer dous niveis de panel: Panel de saídas e aspirantes. No primeiro estarán os que poden ser designados solos para saídas e no segundo os que están pendentes de aprobación para o ascenso. Todos os asistentes están de acordo con este sistema e Manolo trasladará o novo panel en breves datas. Acórdase ademais en todas as probas que sempre se dispoña do xurado de dúas persoas en saídas (unha do panel e un aspirante). En campionatos galegos intentarase poñer 3 persoas. Neste punto sae o tema de que actualmente é necesario baleirar a escaleira de cronos e chegadas en carreiras de velocidade, non son necesarios xuíces en cronos e non fai falla poñer tantos xuíces en chegadas. Recoméndase aos delegados que informen aos Directores de Reunión que movan os xuíces a outros postos como axudar na saída, auxiliares de xuíz árbitro, reforzo de concursos, etc.

Colle a palabra o responsable de EDM, Guillermo Sandino. Comenta os problemas que houbo para nomear operadores durante a tempada. Así mesmo moitos dos operadores déronse de baixa como xuíces e actualmente o panel publicado está totalmente desactualizado. Collendo a idea de Manuel Garrido cambiará o panel para facer un panel de operadores e auxiliares. Tomando como criterio para pertencer ao panel de operadores que este sexa capaz de ser designado a operar nunha competición de forma autónoma. Apróbase este cambio. Guillermo continua comentando a necesidade prioritaria de mercar unha vara para o prisma canto antes. Respecto a formación, fíxose curso en A Coruña en novembro e



Federación Galega de Atletismo

Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.

Correo: comitegalegoxuices@gmail.com

Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/cgx/>

<http://www.atletismogalego.com>



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

intentouse buscar datas para facer un conxunto en Lugo con xuíces de Ourense tamén pero non foi posible cadralas. Informase ao resto de delegados que avisen se hai xente interesada en aprender a operar o equipo e Guillermo desprazarase.

Chega o turno dos delegados de xuíces, Dolores Rojas como representante de Coruña traslada unha suxerencia da delegada en Coruña: Devolver 10€ aos que aprobaron o exame de Nivel I. Denégase esta proposta sen debate.

Posteriormente comenta varias queixas feitas á delegada da Coruña por parte de xuíces da delegación:

- Auxiliares que non se presentaron ao exame como se había aprobado e non se tomaron medidas contra eles. Coméntase que non era ese o espírito dese acordo, senón evitar que os auxiliares non se presentaran nunca.
- Malestar por auxiliares que actúan con uniforme. Coméntase que hai casos en Santiago, Eloy informa que falará con Rogelio para evitalo.
- Malas formas de xuíces en competicións.

O delegado en Ourense Manuel Garrido no seu turno fai chegar o malestar co tema dos pagos, pagos que veñen mal, que non chegan. Que están causando malestar e cansazo nos xuíces e fai que deixen de vir traendo problemas para formar os xurados. O presidente comenta que non é tema do CGX os pagos pero que comprende que afecte ao mesmo e insistirá ao Presidente da FGA.

Mari Luz Raposo representando a Santiago, comenta as queixas por chegada tarde de material. Respóndese que o CGX non é responsable de facer chegar o material (FF, Medición Indirecta). Fala tamén do escaseo de xuíces na súa delegación e que fai falla formación en todo. Como solución de urxencia proponse enviar o calendario de probas en Santiago a delegada en Coruña para que teña presente que é probable que sempre faga falla un coche de Coruña a reforzar o xurado en Santiago.

O delegado en Pontevedra prantea o problema de que os xuíces non saben as probas que cobraron. Eloy informa que volverá a insistir a Contabilidade da FGA sobre o tema.

O delegado en Vigo informa dos problemas da súa delegación. Comenta os temas cos pagos e o pensamento que hai nos xuíces de que a FGA está en contra de todos os xuíces de Vigo. Eloy recorda que a directiva do CGX trasladouse a Vigo a informar das súas intencións se non se cumprían as directrices dos acordos de Xuíces Árbitros e así estase a actuar (nomeando xuíces árbitros en probas de ruta) A xunta directiva ao completo mostra o seu apoio o delegado para todo o que necesite (reforzo do xurado con xuíces de outras delegacións, etc).

O resto de delegados de xuíces non fan uso do seu turno de palabra.

A continuación, tocando o tema da tarifa para o novo xuíz xefe de cronometraxe, faise fincapé en aclarar as tarifas para os xuíces unificando probas locais e campionatos galegos. En resumo quedarían así:

Xuíz Arbitro, Xuíz Xefe de Marcha, Director de Reunión, Xuíz de cronometraxe, Pdte Apelación e Xuíz Xefe de EDM: 1.5x18,37 (para todas as probas de Galicia)

Director Técnico: 2x18,37



Federación Galega de Atletismo

Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.

Correo: comitegalegoxuices@gmail.com

Páxina Web: <http://www.fgatetismo.es/cgx/>

<http://www.atletismogalego.com>



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

Os únicos que cobrarán 18,37€ extra por designación do CGX: Xuíz Arbitro e Pdte de Apelación.

Con estes retoques garántese que ninguén cobre máis que un xuíz árbitro designado.

Apróbanse estas tarifas por unanimidade.

A continuación faise un resumo do presuposto da temporada finalizada na que se gastou nas diferentes reunións (Xunta directiva, xuíces de Vigo), devolución dos exames de XA/XN, Brazaletes (intentárase que entren neste exercicio económico). Infórmase que o presuposto sobrante investírase en regulamentos para os xuíces territoriais (os de licenza nacional serán enviados pola RFEA).

O presidente informa de que xa se pediron os uniformes e que chegaran despois de Reis. O presuposte vai aparte do presuposto deste CGX e ascende a 3.600€.

Para o vindeiro ano como gastos principais está o posible curso de ascenso a panel B de marcha e o II Congreso de Xuíces.

Durante a comida debateuse a elección do candidato a placa Juan Sastre da RFEA na que é elixida M^a Carmen Torres Castiñeira como proposta do CGX.

Remata a reunión coa votación para a placa Ramón Docal. Os candidatos propostos son os seguintes:

- Manuel Teixeira García (Ferrol)
- M^a Carmen Torres Castiñeira (Pontevedra)
- Jorge Touriño Lado (Santiago)

Efectúase a votación secreta por parte dos presentes e saen os seguintes resultados:

- M^a Carmen Torres Castiñeira (6 votos)
- Manuel Teixeira García (3 votos)
- Jorge Touriño Lado (2 votos)
- (1 voto en branco)

Entregarase por tanto a placa Ramón Docal do ano 2013 a M^a Carmen Torres Castiñeira. A entrega da placa terá lugar na vindeira gala do Atletismo Galego.

Finalizada a elección, sen ningún outro tema a tratar, finaliza a reunión ás 20.00 agradecendo a asistencia por parte do presidente aos presentes.

Guillermo Sandino Leira
(Secretario do CGX)